EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DESCARGABLES

UNIDADE 6. 2ª QUINCENA, 2ª AVALIACIÓN

1. COMENTARIO DE TEXTO: O PROCESO AUTONÓMICO EN GALICIA

Normas básicas para facer un comentario de texto:

1. Atenta lectura do documento para coñecer o asunto xeral do que trata o texto e ordenar as ideas que contén. É útil subliñar palabras ou frases para distinguir as ideas esenciais das secundarias.
2. Contextualización histórica: que pasaba nese momento? Consiste en situar o texto nun momento histórico concreto ou nun determinado proceso político, social, económico, etc. Pode ser unha breve introdución que enmarque o texto nas circunstancias históricas nas que se produciu.
3. Análise dos contidos: que quere dicir este texto? Haberá que seleccionar as ideas máis importantes, preguntándonos que queren dicirnos (interpretación histórica) e matizar ou mencionar algunhas das ideas secundarias. Pódense incluír aclaracións sobre feitos, persoas, etc., que nos parezan ben, pero sempre como unha parte da redacción, incluídas nela.
4. Que sei eu deste tema? Relacionar o texto cos coñecementos que cada alumno ou alumna teña do tema, para poñer de manifesto a transcendencia do proceso do que se trate.
5. Conclusión: que importancia tivo este feito na súa época? É recomendable rematar cunha conclusión ou valoración global, sempre desde a perspectiva de valorar a importancia que tivo un feito ou un proceso no seu momento (perspectiva de coñecemento histórico), ou que importancia ten para a actualidade.
6.- O comentario debe reflectir o grao de madurez expresiva, polo que se terán en conta as normas de expresión escrita, como a precisión léxica, a corrección da sintaxe ou a claridade da expresión. Finalmente cómpre lembrar que non debe ser moi extenso, a precisión redunda en beneficio da claridade.

"O Pacto do Hostal" (29 de setembro de 1980)

" (...) O 22 de novembro de 1979 foi aprobado por acordo maioritario da Comisión Constitucional e a delegación da Asemblea de Parlamentarios de Galicia un texto de estatuto de autonomía para Galicia. O acordo, aínda que válido dende o punto de vista xurídico constitucional, resulta politicamente insuficiente para que o Estado obteña, no referendo correspondente, un respaldo maioritario das forzas políticas para conseguir que se constitúa como norma fundamental, para convivencia e o entendemento dos galegos e non para a súa división e enfrontamento (...) a evolución dos acontecementos públicos deste aquela data (...) moveron aos partidos políticos asinantes, recollendo o sentir de amplos sectores do pobo galego conscientes da súa responsabilidade histórica, a manifestar a súa vontade política de emprender as accións conducentes a eliminar os obstáculos que actualmente existen para que se poida convocar en referendo nas condicións de concordia e solidariedade que o Estatuto de Autonomía require.
Os principais obstáculos proveñen da existencia no actual texto dunha serie de presupostos que, por diversos motivos, supoñen unha inseguridade en canto á ampliación do estatuto en termos de igualdade cos das outras dúas nacionalidades históricas (...)

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 1980. UCD de Galicia, PsdeG-PSOE, AP de Galicia, Partido Galeguista, PCG. *La Voz de Galicia*, 10 de outubro 1980. (Extraído de BERAMENDI GONZÁLEZ, J., ÁLVAREZ ARCOS, C. *Galicia. Historia. Bacharelato. Segundo Curso. Materia Común*, Ed. Vicens Vives)

RESPOSTAS

1. COMENTARIO DE TEXTO: O PROCESO AUTONÓMICO EN GALICIA

Estamos ante o extracto do coñecido como "Pacto do Hostal", que é o acordo entre as forzas políticas maioritarias en Galicia co que se chegaba a unha solución para desbloquear o proceso de elaboración dun Estatuto de Autonomía para Galicia.

Sen agardar a aprobación da Constitución, os chamados "nacionalismos periféricos" mobilizáronse con todas as súas forzas nas rúas reclamando a elaboración dos Estatutos de Autonomía. Galicia non vai ficar á marxe, mais en Cataluña e Euskadi a presión cidadá vai ser inmensa, véndose obrigado o goberno central a restablecer a *Generalitat* de Catalunya en setembro de 1977 e a principios do ano seguinte a conceder a preautonomía a Euskadi. O que pretendía o goberno de Suárez era intentar integrar os nacionalismos catalán e vasco no noso sistema democrático, iniciando un proceso de concesión de preautonomías polo que, cando se aprobou a Constitución, xa estaba constituído o futuro mapa autonómico.

En Galicia non existía un posicionamento común entre as diferentes forzas políticas. Por unha banda, a dereita de Alianza Popular quería o mantemento do sistema introducindo unha leve descentralización administrativa; mentres, o groso do centro e da esquerda estaba disposto a aceptar a recuperación do Estatuto de 1936 ou algo semellante; por último, o nacionalismo de esquerda apostaba polo dereito de autodeterminación. Mais ante os acontecementos que se estaban a vivir, a maioría da Asemblea de Parlamentarios estaba de acordo de que a nosa terra alcanzase tanta autonomía como o que máis.

Como se indica no texto, a Asemblea non ficou parada e a iniciativa do presidente da Xunta preautonómica, configurouse unha comisión formada por representantes das forzas políticas parlamentarias e extraparlamentarias, co fin de elaborar un anteproxecto de Estatuto con maior respaldo posible. Esta comisión, denominada polo seu número de compoñentes como a "Comisión dos 16" cumpriu co seu obxectivo, presentado un proxecto de Estatuto: " *O 22 de novembro de 1979 foi aprobado por acordo maioritario da Comisión Constitucional e a delegación da Asemblea de Parlamentarios de Galicia un texto de estatuto de autonomía para Galicia*". É dicir, malia as posibles diverxencias, a Asemblea de Parlamentarios aproba por unanimidade o proxecto e remíteo ao Congreso dos Deputados.

Nun panorama político galego onde as forzas maioritarias eran as de carácter estatal, especialmente as de orientación de centro-dereita, non cabía agardar unha oposición a un Estatuto que fora aprobado polos seus membros en Galicia. Mais a propia data do *Pacto do Hostal*, practicamente un ano despois de que se remitise dende Galicia o proxecto do Estatuto dos 16, amosa o tortuoso camiño de aprobación do Estatuto.

No texto do acordo indícase como o Estatuto dos 16 non tiña ningún problema constitucional: "*O acordo, aínda que válido dende o punto de vista xurídico constitucional",* resultando que a causa principal, para os asinantes, era que " *resulta politicamente insuficiente para que o Estado obteña, no referendo correspondente, un respaldo maioritario das forzas políticas".* Ou sexa, que a UCD, que apoiara en Galicia o proxecto, a súa dirección nacional negábase a apoialo en Madrid. O problema non estaba tanto na legalidade do texto galego, senón na concepción do Estado autonómico que denominaba entón no goberno de Suárez: crear unha España autonómica con dúas realidades territoriais ben diferenciadas. Dunha parte as nacionalidades históricas de Cataluña e Euskadi, con unha autonomía plena, e doutra o resto, con carácter de rexións descentralizadas. De aí a importancia de que Galicia, a terceira nacionalidade histórica, tivese un Estatuto de rexión, para garantir este modelo de Estado. Mais isto vai ser totalmente rexeitado polas forzas políticas e, fundamentalmente, pola sociedade galega, que se vai mobilizar na rúa, moi apoiada polos medios de comunicación galegos e destacados intelectuais. Por iso, no propio texto de acordo final, os partidos asinantes

insisten que o proxecto de Estatuto que rexeitan, o proposto polo goberno central (o chamado Estatuto da UCD) é motivado porque non garante "*en termos de igualdade cos das outras dúas nacionalidades históricas",* algo que se vai conseguir co Estatuto resultante do seu acordo.

De fixármonos nos asinantes do Pacto, podemos facer mención a unha das características que singularizan o proceso autonómico galego a respecto dos das outras nacionalidades históricas. Cómpre salientar a ausencia do nacionalismo de esquerdas entre os asinantes do Pacto e, consecuentemente, nos promotores do Estatuto. Cando este se presente en referendo, apoiarán activamente a campaña do non, o que unido ao escaso entusiasmo con que as forzas estatais de centro-dereita apoien a consulta, propiciará a tan elevada taxa de abstención co que finalmente se aprobará. Esta é outras das singularidades do proceso autonómico galego: os partidos políticos que en principio parecían menos entusiastas co proceso autonómico serán os elixidos polos galegos para xestionar o proceso, aínda que co tempo irán facendo súas as reivindicacións autonomistas e mesmo, timidamente, as galeguistas.